



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Emprego precario, vida precaria

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Emprego precario, vida precaria
Outubro de 2017

Elaboración: Secretaría de Empleo e Gabinete Técnico Económico

Presentación	5
Introdución.....	7
Evolución da poboación ocupada.....	7
Por sexos.....	8
Por grupos de idade	10
Por sector económico	10
Por ramas de actividade	11
Por tipo de xornada.....	12
Evolución da poboación asalariada	15
Por sexo e idade.....	16
Por sector económico	18
Por tipo de sector (público ou privado)	19
Pola duración do contrato	20
Polo tempo de permanencia na empresa actual	21
Pola realización de horas extraordinarias.....	22
Evolución dos contratos.....	24
Rotación laboral.....	25
Evolución da poboación parada	25
Por sexo e idade.....	26
Polo tempo de busca de emprego	27
Evolución da poboación activa	28
Por sexo e idade.....	29
Evolución das vivendas por tipoloxía de actividade	29
Evolución das prestacións por desemprego.....	30
Polo tipo de prestación	31
Pola contía da prestación contributiva.....	32
Polo gasto en prestacións	33
Evolución dos fogares por número de perceptores de ingresos	33
Conclusións	35
10 propostas para reducir a precariedade e mellorar a calidade do emprego	36

PRESENTACIÓN

A economía medra, e tamén medra o emprego aínda que en menores proporcións. O Goberno central, o da Xunta, a patronal e os grandes poderes económicos repiten arreo que se crea emprego. É certo. Do que non falan é da súa pésima calidade: contratos temporais, de xornada parcial non voluntaria, baixos salarios, horas extraordinarias non pagadas, emprego irregular que convive con altos niveis de desemprego e un peso crecente do paro de longa duración.

En definitiva, emprego precario que vai alén da temporalidade sen causa tan presente no noso mercado laboral, porque a crise, as políticas de austeridade e as reformas laborais impostas causaron a desaparición de emprego e das condicións laborais dignas.

A precariedade laboral conduce a unha vida precaria e menoscaba a dignidade das persoas. Hoxe en día, ter un contrato de traballo e un salario xa non garante ter unhas condicións de vida xustas porque as percepcións salariais non abundan para cubrir as necesidades básicas dunha persoa. A precariedade trouxo consigo o fenómeno da pobreza laboral: traballar e ser pobre.

Pola súa vez, o emprego precario non xera dereitos de protección social: dificulta o acceso á prestación por desemprego, ás pensións por xubilación e apenas contribúe ao sistema de pensións e ao de desemprego.

Por todas estas razóns, CCOO considera obxectivos prioritarios reducir a precariedade laboral e mellorar a calidade do emprego. Neste informe tentamos ofrecer unha aproximación á precariedade laboral en Galicia e presentamos as nosas propostas para intentar revertir a situación.

A poboación ocupada en Galicia leva dez trimestres consecutivos aumentando. Neste documento analízase como é a calidade do emprego que se está a crear.

A análise baséase, mormente, na enquisa de poboación activa (EPA). Os últimos datos publicados desa enquisa corresponden ao segundo trimestre de 2017, así que estableceremos as comparacións co mesmo trimestre dos anos anteriores para evitar as distorsións derivadas da estacionalidade.

O estudo céntrase, sobre todo, no período 2012-2017, por dúas razóns fundamentais: unha é que a poboación ocupada alcanza valores similares aos de hai cinco anos; outra, que no mes de febreiro de 2012 comezouse a aplicar a reforma laboral do PP, con consecuencias moi negativas para a clase traballadora.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA

A destrución de emprego bateu con forza en Galicia desde o ano 2009 ata o 2014. Non é ata o 2015, despois de seis anos moi duros, cando comeza a notarse a creación neta de emprego na nosa comunidade.

Cadro 1. POBOACIÓN OCUPADA

II TRIMESTRE	POBOACIÓN OCUPADA	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA
2008	1.202.200	—	—
2009	1.152.900	-49.300	-4,10 %
2010	1.098.300	-54.600	-4,74 %
2011	1.097.500	-800	-0,07 %
2012	1.042.000	-55.500	-5,06 %
2013	1.005.400	-36.600	-3,51 %
2014	991.500	-13.900	-1,38 %
2015	1.009.900	+18.400	+1,86 %
2016	1.034.000	+24.100	+2,39 %
2017	1.048.900	+14.900	+1,44 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Tomando como referencia o segundo trimestre de cada ano, é no 2014 cando menos xente traballa en Galicia: 991.500 ocupados e ocupadas. Desde aquela, creáronse 57.400 empregos (+5,8%) pero aínda quedan por recuperar 153.300 para situarnos nos niveis de ocupación de hai nove anos.

A recuperación de emprego é máis lenta en Galicia ca na media estatal. No segundo trimestre de 2017 aínda había na nosa comunidade un 13% menos de persoas ocupadas que no mesmo trimestre de 2008 —cando se alcanzou o maior volume

de persoas con emprego da serie histórica—, mentres que na media estatal a porcentaxe baixaba ata o 9%.

Na media estatal supérase a cifra de ocupación do ano 2010, pero Galicia aínda non alcanza o nivel de 2011 (ver cadro 2). É dicir, a poboación ocupada avanza máis devagar en Galicia que na media estatal.

Cadro 2. POBOACIÓN OCUPADA

II TRIMESTRE	GALICIA	ESPAÑA
2008	1.202.200	20.646.900
2009	1.152.900	19.154.200
2010	1.098.300	18.751.100
2011	1.097.500	18.622.000
2012	1.042.000	17.758.500
2013	1.005.400	17.160.600
2014	991.500	17.353.000
2015	1.009.900	17.866.500
2016	1.034.000	18.301.000
2017	1.048.900	18.813.300

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Doutra banda, a creación de emprego estase freando en Galicia, mentres que na media estatal colle pulo. A poboación ocupada en Galicia medraba a unha taxa anual do 1,44% no segundo trimestre de 2017 (ao 2,39% un ano antes) e na media estatal facíao un 2,80% (fronte a un 2,43% un ano antes).

Por sexos

Desde o segundo trimestre de 2014 —cando se alcanzou o número máis baixo de homes e mulleres con emprego en Galicia— hai 30.000 ocupados máis e 27.400 ocupadas máis. En proporción, supón un incremento do 5,8% en ambos os sexos.

A destrución de emprego afectou máis aos homes ca ás mulleres, e a eles quédalles máis percorrido para situárense nos niveis de ocupación de hai nove anos. Desde o segundo trimestre de 2008 perdéronse 153.300 empregos, e 129.000 deles estaban ocupados por homes (-19,0%).

Con todo, segue habendo menos ocupadas ca ocupados. A taxa de ocupación (porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos) das mulleres no segundo trimestre de 2017 era 8,2 puntos porcentuais inferior á dos homes (40,8% fronte a 49,0%).

Cadro 3. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS

II TRIMESTRE	HOMES	MULLERES	TOTAL
2008	679.000	523.200	1.202.200
2009	625.600	527.300	1.152.900
2010	599.600	498.600	1.098.300
2011	591.400	506.100	1.097.500
2012	550.700	491.300	1.042.000
2013	532.500	472.900	1.005.400
2014	520.000	471.500	991.500
2015	533.500	476.400	1.009.900
2016	545.900	488.100	1.034.000
2017	550.000	498.900	1.048.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por grupos de idade

A xente nova foi a máis prexudicada mentres se destruíu emprego e tamén agora cando se está a crear. O resultado é un envellecemento da poboación ocupada.

Cadro 4. POBOACIÓN OCUPADA POR GRUPOS DE IDADE

GRUPOS DE IDADE	II TRIMESTRE 2017	II TRIMESTRE 2012	VARIACIÓN RELATIVA
De 16 a 24 anos	39.500	45.200	-12,6 %
De 25 a 34 anos	198.600	240.800	-17,5 %
De 35 a 44 anos	323.700	317.400	+2,0 %
De 45 a 54 anos	295.400	266.100	+11,0 %
De 55 e máis anos	191.700	172.400	+11,2 %
Total	1.048.900	1.042.000	+0,7 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A recuperación de emprego está deixando de lado a xente nova. En comparación co segundo trimestre de 2012, aumentou a poboación ocupada de 35 ou máis anos, en detrimento da menor de 35 anos.

Desde o segundo trimestre de 2012 hai 47.900 persoas ocupadas menos menores de 35 anos (-16,7%). Así pois, o incremento da ocupación concéntrase nos tramos de 35 ou máis anos e o grupo de idade cun maior aumento, en proporción, foi o das persoas maiores de 55 anos (19.300 ocupadas máis ca hai cinco anos; +11,2%)

A distribución da poboación ocupada por grupos de idade variou bastante no período analizado. No segundo trimestre de 2017, o 22,7% de persoas ocupadas eran menores de 35 anos (27,4% hai cinco anos), o 59,0% tiñan entre 35 e 54 anos (56,0% hai cinco anos) e o restante 18,3% tiña 55 ou máis anos (16,5% no 2012).

Por sector económico

En todos os sectores de actividade hai menos ocupación ca antes da crise, sobre todo na construción (ver cadro 5); e, en comparación co segundo trimestre de 2012, só subiu nos servizos (+3,2 %) e na industria (+2,7 %), mentres que se reduciu na construción (-15,7 %) e no primario (-9,3 %).

Cadro 5. POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR

II TRIMESTRE	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2008	93.400	219.000	141.300	748.500	1.202.200
2009	97.000	199.000	116.300	740.500	1.152.900
2010	87.100	175.100	103.100	732.900	1.098.300
2011	83.600	179.300	93.200	741.400	1.097.500
2012	80.500	166.600	80.500	714.300	1.042.000
2013	76.400	152.000	69.700	707.300	1.005.400
2014	65.900	151.100	67.300	707.200	991.500
2015	61.200	161.900	75.600	711.200	1.009.900
2016	68.000	158.000	71.900	736.200	1.034.000
2017	73.000	171.100	67.900	736.900	1.048.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No sector primario traballaban 97.000 persoas no segundo trimestre de 2009 (a cifra máis elevada da serie analizada), que representaban o 8,4 % da poboación ocupada en Galicia; oito anos máis tarde son 73.000 e equivalen só ao 7,0 % do emprego total. O sector ocupa 24.000 persoas menos ca hai oito anos (-24,7 %) e 7.500 menos ca no 2012 (-9,3 %).

A industria dá ocupación a 171.100 persoas no segundo trimestre de 2017, 4.500 máis que hai cinco anos (+2,7 %); pero aínda son 47.900 menos ca antes da crise (-21,9 %) e o peso da poboación ocupada na industria sobre o total da ocupación diminuíu desde o 18,2 % no segundo trimestre de 2008 ata o 16,3 % no mesmo período de 2017.

A construción rexistrou, en proporción, a maior perda de emprego: máis da metade do que tiña no ano 2008 (-51,9 %) e un -15,7 % en comparación con hai cinco anos. Xa é o sector con menos ocupación: 67.900 persoas ocupadas no segundo trimestre de 2017, o 6,5 % da poboación ocupada en Galicia (fronte ao 11,8 % no 2008).

Pola contra, o sector con máis emprego é o dos servizos, con 736.900 persoas ocupadas no segundo trimestre de 2017, o 70,3 % da poboación ocupada en Galicia. A crise acelerou o proceso de terciarización do emprego. Todos os sectores perderon peso no total do emprego agás os servizos, que avanzou oito puntos porcentuais en comparación con hai nove anos (cadro 6). Hai 11.600 persoas

ocupadas menos ca ano 2008 (-1,5 %) pero, no segundo trimestre de 2017 ocupa 22.600 persoas máis que no ano 2012 (+3,2 %).

Cadro 6. ESTRUCTURA SECTORIAL DO EMPREGO

SECTOR	II TRIMESTRE 2017	II TRIMESTRE 2008
Primario	7,0 %	7,8 %
Industria	16,3 %	18,2 %
Construcción	6,5 %	11,8 %
Servizos	70,3 %	62,3 %
Total	100,0 %	100,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A poboación ocupada no sector primario, na industria e na construción ten máis representación en Galicia que na media estatal, mentres que nos servizos acontece o contrario (cadro 7)

Cadro 7. ESTRUCTURA SECTORIAL DO EMPREGO, SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017

SECTOR	GALICIA	ESPAÑA
Primario	7,0 %	4,4 %
Industria	16,3 %	14,0 %
Construcción	6,5 %	6,0 %
Servizos	70,3 %	75,5 %
Total	100,0 %	100,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por ramas de actividade

Das vinte e tres ramas de actividade analizadas (cadro 8), e en relación co segundo trimestre de 2012, a poboación ocupada aumentou en doce e diminuíu nas restantes.

O emprego aumentou nas seguintes ramas: información e comunicacións (+29,6 %); hostalaría (+28,1 %); actividades artísticas, recreativas e de entretemento (+25,4 %); industria téxtil, do coiro e do calzado (+15,2 %); industrias extractivas (+14,9 %); resto da industria manufactureira (+14,7 %); actividades sanitarias e de servizos sociais (+12,3 %); actividades profesionais, científicas e técnicas (+6,8 %); industria da alimentación, bebidas e tabaco (+6,8 %); transporte e almacenamento (+6,4 %); metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (+4,1 %) e, por último, actividades administrativas e de servizos auxiliares (+3,9 %).

Entre as ramas en que máis emprego se perdeu, destacan as seguintes: industria da madeira, papel e mobles (-17,6 %); construción (-15,7 %), actividades

inmobiliarias, financeiras e de seguros (-13,0%), agricultura, gandería, caza e silvicultura (-9,8%), resto de servizos (-9,7%) e pesca e acuicultura (-7,9%).

Cadro 8. POBOACIÓN OCUPADA POR RAMAS DE ACTIVIDADE

RAMAS DE ACTIVIDADE	II TRIMESTRE DE 2017	II TRIMESTRE DE 2012
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	53.200	59.000
Pesca e acuicultura	19.800	21.500
Industrias extractivas	5.400	4.700
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	42.300	39.600
Industria do téxtil, coiro e do calzado	14.400	12.500
Industria da madeira, papel e mobles	14.500	17.600
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria	25.400	24.400
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais	34.800	36.400
Resto da industria manufactureira	23.400	20.400
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	10.800	10.900
Construción	67.900	80.500
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	171.500	175.100
Transporte e almacenamento	45.100	42.400
Hostalería	80.700	63.000
Información e comunicacións	25.400	19.600
Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros	20.800	23.900
Actividades profesionais, científicas e técnicas	45.500	42.600
Actividades administrativas e servizos auxiliares	40.000	38.500
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	69.000	73.300
Educación	71.900	76.200
Actividades sanitarias e de servizos sociais	90.700	80.800
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	17.800	14.200
Resto de servizos	58.400	64.700
Total	1.048.900	1.042.000

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por tipo de xornada

A poboación ocupada a xornada parcial aumentou con respecto a hai cinco anos, en detrimento da de xornada completa: 10.000 persoas máis ocupadas a xornada parcial fronte a 3.200 menos a xornada completa.

Cadro 9. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

II TRIMESTRE	POBOACIÓN OCUPADA	XORNADA COMPLETA	XORNADA PARCIAL
2012	1.042.000	906.200	135.800
2013	1.005.400	863.900	141.500
2014	991.500	852.800	138.700
2015	1.009.900	861.900	148.000
2016	1.034.000	889.700	144.300
2017	1.048.900	903.000	145.800

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No segundo trimestre de 2017, o 13,9% da poboación ocupada en Galicia tiña un contrato a tempo parcial; 0,9 puntos porcentuais máis ca no segundo trimestre de 2012. No período analizado (cadro 10), a porcentaxe máis alta de ocupacións a xornada parcial deuse no segundo trimestre de 2015 co 14,7%; desde aquela, diminuíu oito décimas.

Cadro 10. TAXA DE OCUPACIÓN A TEMPO PARCIAL POR SEXOS

II TRIMESTRE	HOMES	MULLERES	TOTAL
2012	6,0 %	20,9 %	13,0 %
2013	6,5 %	22,6 %	14,1 %
2014	6,7 %	22,1 %	14,0 %
2015	6,9 %	23,3 %	14,7 %
2016	6,3 %	22,5 %	14,0 %
2017	6,3 %	22,2 %	13,9 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Os datos de ocupación por tipo de xornada presentan unha diferenza por sexos moi acusada. Os empregos a tempo parcial ocúpanos mormente mulleres: o 76% no segundo trimestre de 2017.

No segundo trimestre de 2017, o 22,2% da poboación feminina ocupada en Galicia tiña un contrato a tempo parcial fronte a 6,3 ocupados de cada 100. En comparación co segundo trimestre de 2012, a taxa de ocupación a tempo parcial subiu 1,3 puntos porcentuais nelas e 0,3 neles.

Atendendo á idade, o colectivo de 16 a 29 é o que está máis presente na xornada parcial, pois supuña o 28,2% no segundo trimestre de 2017 (o 13,9% no conxunto da poboación ocupada).

Cadro 11. TAXA DE OCUPACIÓN A TEMPO PARCIAL NA XUVENTUDE E POR SEXO

II TRIMESTRE	HOMES	MULLERES	TOTAL
2012	15,0 %	31,7 %	23,5 %
2013	15,7 %	29,7 %	22,5 %
2014	21,3 %	33,5 %	27,2 %
2015	18,1 %	33,1 %	25,6 %
2016	16,6 %	31,8 %	23,8 %
2017	19,4 %	38,1 %	28,2 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A distribución desemeillante do tipo de xornada por sexo reproducécese tamén na xuventude: no segundo trimestre de 2017, o 38,1% das ocupadas de 16 a 29 anos tiñan un contrato a tempo parcial, porcentaxe que baixa ata o 19,4% nos homes. Nos últimos cinco anos, a taxa de ocupación a tempo parcial subiu 6,4 puntos porcentuais nas mozas e 4,4 puntos nos mozos.

Por ramas de actividade, as que teñen máis ocupación a xornada parcial son as seguintes (segundo trimestre de 2017): resto de servizos (o 35,4% da poboación ocupada); hostalaría (o 26,6%); actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (o 18,1%); educación (o 16,1%); comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas (o 14,9%); e pesca e acuicultura (o 14,6%).

En comparación co segundo trimestre de 2012, a taxa de ocupación a tempo parcial sobe en todas as ramas de actividades analizadas, agás nas seguintes: agricultura, gandería, caza e silvicultura; industrias extractivas; industria manufactureira; transporte e almacenamento; e resto de servizos. As ramas en que máis sobe a taxa de ocupación son comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,5 puntos porcentuais máis); pesca e acuicultura (2,1 puntos máis); administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (1,8 puntos máis); e actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (1,5 puntos máis).

Cadro 12. TAXA DE OCUPACIÓN A TEMPO PARCIAL POR RAMA DE ACTIVIDADE

RAMAS DE ACTIVIDADE	II TRIMESTRE DE 2017	II TRIMESTRE DE 2012
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	5,6 %	10,2 %
Pesca e acuicultura	14,6 %	12,6 %
Industrias extractivas	0,0 %	2,1 %
Industria manufactureira	5,2 %	6,4 %
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	3,7 %	2,8 %
Construción	4,6 %	3,9 %
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	14,9 %	12,5 %
Transporte e almacenamento	7,3 %	8,3 %
Hostalería	26,6 %	26,0 %
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	18,1 %	16,6 %
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	4,9 %	3,1 %
Educación	16,1 %	14,8 %
Actividades sanitarias e de servizos sociais	13,2 %	12,1 %
Resto de servizos	35,4 %	35,7 %
Total	13,9 %	13,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A xornada parcial é un espello da precariedade laboral pois, segundo o último dato dispoñible, no 62% dos casos non responde a un desexo dos traballadoras e traballadoras: só un 8% afirmou buscar ese tipo de xornada.

No segundo trimestre de 2012, o 60,4% de persoas empregadas a tempo parcial aceptárona porque non atoparon un traballo a tempo completo; cinco anos despois esa porcentaxe sobe ata o 61,8%. (Cadro 13)

Cadro 13. POBOACIÓN OCUPADA EN XORNADA PARCIAL

II TRIMESTRE	TOTAL XORNADA PARCIAL (A)	XORNADA PARCIAL NON DESEXADA (B)	(B/A)*100
2012	135.800	82.000	60,4%
2013	141.500	92.100	65,1%
2014	138.700	91.000	65,6%
2015	148.000	103.300	69,8%
2016	144.300	92.200	63,9%
2017	145.800	90.100	61,8%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

As mulleres son maioría na xornada parcial: 111.000 fronte a 34.900 homes no segundo trimestre de 2017. Non obstante, este tipo de xornada como opción ante a falta de traballo a tempo completo avanzou moito nos homes e, en proporción, xa hai máis homes que manifestan ese motivo ca mulleres. No segundo trimestre de 2017 estaban nesa situación o 67,0% dos homes (57,1% cinco anos antes) fronte ao 60,1% das mulleres (61,4% cinco anos antes).

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA

O emprego temporal está moi condicionado polo ciclo económico: nas fases recesivas é o máis prexudicado e destrúese con rapidez; e nas fases expansivas medra a gran velocidade.

Cadro 14. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO CONTRATO

II TRIMESTRE	POBOACIÓN ASALARIADA	INDEFINIDA	TEMPORAL	TAXA DE TEMPORALIDADE
2008	916.500	632.500	284.000	31,0%
2009	891.300	659.700	231.600	26,0%
2010	862.800	650.700	212.100	24,6%
2011	859.000	649.900	209.100	24,3%
2012	806.800	628.200	178.700	22,1%
2013	768.400	596.300	172.200	22,4%
2014	772.900	589.300	183.700	23,8%
2015	793.200	594.700	198.500	25,0%
2016	810.900	602.000	208.900	25,8%
2017	821.300	598.000	223.300	27,2%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Tomando como referencia o segundo trimestre do período 2008-2017 (cadro 14), compróbase que a taxa de temporalidade (cociente entre o número de persoas asalariadas con contrato temporal e o número total de persoas asalariadas) sobe decontino nos últimos cinco anos analizados.

Desde o segundo trimestre de 2008 ata o mesmo trimestre de 2013, a poboación asalariada con contrato temporal minguou un 39,4% e a indefinida un 5,7%. Como consecuencia, a taxa de temporalidade pasou do 31,0% no segundo trimestre de 2008 ao 22,4% cinco anos despois.

Nos anos seguintes, a temporalidade medrou en paralelo á recuperación de emprego. Desde o segundo trimestre de 2013 —cando se deu a cifra máis baixa de emprego asalariado da serie analizada— creáronse 52.900 empregos por conta allea, dos cales 51.100 foron temporais (+29,7%) e só 1.700 indefinidos (+0,3%). Como resultado, a taxa de temporalidade subiu do 22,4% en 2013 ata o 27,2% no 2017.

A poboación asalariada remontou ata 821.300 persoas no segundo trimestre de 2017, son 14.500 persoas máis traballando por conta allea ca no mesmo trimestre de 2012 (ano da aprobación da reforma laboral do PP). Porén, o avance da precariedade é evidente: substituíuse emprego indefinido por temporal (30.200 persoas indefinidas menos ca no segundo trimestre de 2012 fronte a 44.600 temporais máis) e a taxa de temporalidade subiu do 22,1% no segundo trimestre de 2012 ao 27,2% cinco anos despois.

Por sexo e idade

Ser muller e, sobre todo, ser menor de 30 anos son factores que van ligados á precariedade.

Cadro 15. TAXA DE TEMPORALIDADE POR SEXO

II TRIMESTRE	HOMES	MULLERES	TOTAL
2012	19,9%	24,5%	22,1%
2013	21,0%	23,9%	22,4%
2014	23,8%	23,7%	23,8%
2015	23,7%	26,4%	25,0%
2016	23,8%	27,8%	25,8%
2017	25,9%	28,6%	27,2%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A taxa de temporalidade feminina é máis alta ca a masculina: no segundo trimestre de 2017 tiñan unha relación laboral temporal o 28,6% das asalariadas fronte ao 25,9% dos asalariados, é unha diferenza entre ambas as taxas de 2,7 puntos porcentuais.

En comparación co segundo trimestre de 2012, subiu a taxa de temporalidade en ambos os sexos pero máis nos homes (5,9 puntos fronte a 4,1 puntos nas mulleres).

Hai máis homes e mulleres traballando por conta allea ca no segundo trimestre de 2012 (14.000 mulleres máis e 400 homes máis) pero, polo tipo de contrato, substituíuse emprego indefinido por temporal en ambos os sexos.

Así pois, desde o segundo trimestre de 2012 hai 24.300 homes menos cun contrato indefinido (-7,3%) fronte a 24.800 temporais máis (+30,0%). No caso das mulleres, hai 5.900 indefinidas menos (-2,0%) fronte a 20.000 temporais máis (+20,9%).

A idade é determinante —mesmo máis ca o sexo— á hora de asinar un contrato temporal. O colectivo máis castigado pola temporalidade é a mocidade: o 64,5 % de menores de 30 anos que traballaban por conta allea no segundo trimestre de 2017 tiñan un contrato temporal.

A falta de estabilidade no emprego atranca enormemente que a xuventude desenvolva un proxecto de vida no noso país. Os datos falan por si sós: no segundo trimestre de 2017, a taxa de temporalidade era do 27,2 % de media en Galicia pero nas persoas de 25 a 29 anos alcanzaba o 59,4% e nas menores de 25 anos disparábase ata o 75,1%.

Cadro 16. TAXA DE TEMPORALIDADE NA XUVENTUDE

II TRIMESTRE	DE 16 A 24 ANOS	DE 25 A 29 ANOS
2012	65,3 %	42,1 %
2013	68,3 %	44,3 %
2014	70,3 %	48,4 %
2015	73,9 %	52,5 %
2016	74,8 %	53,5 %
2017	75,1 %	59,4 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No segundo trimestre de 2012 traballaban por conta allea 122.900 menores de 30 anos; cinco anos despois, só eran 110.700. Nese período, perdeuse o emprego indefinido, mentres que o temporal colleu pulo.

Desde o segundo trimestre de 2012 hai 22.800 menores de 30 anos menos cun contrato indefinido (-36,7%); son 39.300, a cifra máis baixa do período analizado. Pola contra, os menores de 30 anos con contrato temporal son 10.600 máis (+17,4%) ata sumaren 71.400 no segundo trimestre de 2017, a cifra máis alta dos últimos seis anos.

Polo tanto, en Galicia traballan menos menores de 30 anos por conta allea que en 2012 (12.200 menos) e soportan maior temporalidade: o 64,5 % no 2017 fronte ao 49,5 % daquel ano.

Cadro 17. POBOACIÓN ASALARIADA MENOR DE 30 ANOS POR TIPO CONTRATO

II TRIMESTRE	POBOACIÓN ASALARIADA	INDEFINIDA	TEMPORAL	TAXA TEMPORALIDADE
2012	122.900	62.100	60.800	49,5%
2013	111.500	54.600	56.900	51,0%
2014	103.400	46.100	57.300	55,4%
2015	99.200	40.300	58.800	59,3%
2016	101.800	40.700	61.100	60,0%
2017	110.700	39.300	71.400	64,5%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por sector económico

A taxa de temporalidade aumentou en todos os sectores de actividade en comparación co segundo trimestre de 2012, pero a maior suba foi a de 8 puntos na construción.

Cadro 18. TAXA DE TEMPORALIDADE POR SECTOR

II TRIMESTRE	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2012	28,6%	18,4%	31,6%	21,9%	22,1%
2013	24,0%	19,5%	26,4%	22,7%	22,4%
2014	29,1%	21,8%	34,4%	23,2%	23,8%
2015	29,4%	24,7%	33,8%	24,2%	25,0%
2016	27,9%	24,9%	30,1%	25,5%	25,8%
2017	29,3%	24,7%	39,7%	26,9%	27,2%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A construción mantén, con diferenza, a taxa de temporalidade máis alta: 39,7% no segundo trimestre de 2017, son 12,5 puntos porcentuais por riba da media.

Desde o segundo trimestre de 2012 perdeu 11.600 persoas asalariadas e 11.200 eran indefinidas. No segundo trimestre de 2017, a construción aglutina ao redor do 5% da poboación asalariada en Galicia.

O seguinte sector coa taxa de temporalidade máis elevada é o primario. No segundo trimestre de 2017 ocupaba a 24.900 persoas por conta allea (o 3% da poboación asalariada de Galicia), das que 7.300 tiñan un contrato temporal. Polo tanto, a taxa de temporalidade era do 29,3%, que son 0,7 puntos porcentuais máis ca cinco anos antes. Desde o segundo trimestre de 2012 hai 1.500 persoas asalariadas máis (800 indefinidas e 600 temporais) pero, en proporción, medrou máis o emprego temporal que o indefinido (+9,0% e 4,8%, respectivamente).

O sector dos servizos representa o 73% do total do emprego asalariado e ocupa sobre todo mulleres (o 59% da poboación asalariada). De 599.100 persoas asalariadas que sumaba no segundo trimestre de 2017, 161.000 tiñan contratos

temporais. É dicir, a taxa de temporalidade era do 26,9%, cinco puntos máis ca no mesmo trimestre de 2012. En comparación co ano 2012, hai 16.200 persoas indefinidas menos no sector (-3,6%) fronte a 33.300 temporais máis (+26,1%).

Na industria había 154.500 asalariadas e asalariados no segundo trimestre de 2017 (19% do emprego asalariado total), e 38.100 tiñan un contrato temporal. En comparación co segundo trimestre de 2012, o número de persoas asalariadas cun contrato indefinido baixou en 3.600 (-3,0%), mentres que o das temporais subiu en 11.000 (+40,6%). A taxa de temporalidade estaba no 24,7% no segundo trimestre de 2017, uns 6 puntos porcentuais máis ca no 2012.

Por tipo de sector (público ou privado)

O traballo por conta allea no sector privado rexistra unha maior temporalidade ca no sector público (cadro 19). No segundo trimestre de 2017, traballa no sector privado o 78% da poboación asalariada de Galicia e a súa taxa de temporalidade é do 28,0% fronte ao 24,2% no sector público.

Cadro 19. TAXA DE TEMPORALIDADE PÚBLICA E PRIVADA

II TRIMESTRE	SECTOR PÚBLICO	SECTOR PRIVADO
2012	17,8%	23,5%
2013	16,7%	24,1%
2014	18,7%	25,3%
2015	19,1%	26,7%
2016	20,8%	27,2%
2017	24,2%	28,0%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

O aumento da poboación asalariada concentrouse no sector privado: 27.100 persoas máis ca hai cinco anos (+4,4%) fronte a 12.600 menos no público (-6,6%).

No sector público había 179.200 persoas asalariadas no segundo trimestre de 2017; o 24,2% tiñan un contrato temporal. En relación co segundo trimestre de 2012 hai 21.900 persoas menos cun contrato indefinido (-13,9%) fronte a 9.200 temporais máis (+26,9%). A taxa de temporalidade aumentou 6,4 puntos porcentuais.

Por sexos, segundo o último dato dispoñible, o 27,9% das asalariadas son temporais (21,5% no segundo trimestre de 2012) fronte ao 19,2% dos asalariados (13,3% no segundo trimestre de 2012).

No último ano analizado pérdense 5.200 empregos no sector público (-2,8%) e a taxa de temporalidade medra de forma significativa: 3,4 puntos. Nese período, destrúese emprego indefinido e aumenta o temporal.

Cadro 20. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO CONTRATO NO SECTOR PÚBLICO

II TRIMESTRE	POBOACIÓN ASALARIADA	INDEFINIDA	TEMPORAL	TAXA TEMPORALIDADE
2012	191.800	157.600	34.200	17,8 %
2013	172.900	144.000	28.900	16,7 %
2014	180.900	147.000	33.800	18,7 %
2015	176.100	142.500	33.700	19,1 %
2016	184.400	146.100	38.300	20,8 %
2017	179.200	135.700	43.400	24,2 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A poboación asalariada do sector privado aumentou nos tres últimos anos ata se situar en 642.200 persoas no segundo trimestre de 2017; son 27.100 máis ca cinco anos antes. Porén a taxa de temporalidade non deixou de medrar no período analizado.

Cadro 21. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO CONTRATO NO SECTOR PRIVADO

II TRIMESTRE	POBOACIÓN ASALARIADA	INDEFINIDA	TEMPORAL	TAXA TEMPORALIDADE
2012	615.100	470.600	144.500	23,5 %
2013	595.500	452.200	143.300	24,1 %
2014	592.100	442.200	149.800	25,3 %
2015	617.100	452.200	164.900	26,7 %
2016	626.400	455.900	170.500	27,2 %
2017	642.200	462.300	179.900	28,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No segundo trimestre de 2012, tiña unha relación laboral temporal o 23,5% da poboación asalariada; cinco anos despois, a porcentaxe subiu ata o 28,0%. Nese tempo, o número de persoas asalariadas con contrato indefinido diminuíu en 8.300 (-1,8%), mentres que o de temporais se incrementou en 35.400 (+24,5%).

Pola duración do contrato

A creación de emprego vai ligada a unha maior inestabilidade no mercado laboral: sobe a taxa de temporalidade e fanse demasiados contratos temporais de curta duración.

No cadro 22 recóllese a poboación asalariada temporal pola duración do contrato e por sexo no segundo trimestre de 2017. Neste caso non analizamos a súa evolución porque hai un número moi significativo de persoas que contestan que descoñecen a duración do seu contrato e poden darse distorsións á hora de establecer unha comparación.

Cadro 22. POBOACIÓN ASALARIADA TEMPORAL POR DURACIÓN DO CONTRATO. II TRIMESTRE 2017

DURACIÓN DO CONTRATO	HOMES	MULLERES	TOTAL
1 día	400	1.100	1.500
De 2 días a menos de 1 mes	4.100	3.000	7.100
De 1 a 3 meses	13.000	13.300	26.300
De 4 a 6 meses	18.700	21.000	39.700
De 7 a 11 meses	6.000	8.600	14.600
De 1 ano a menos de 2 anos	10.000	13.700	23.600
De 2 anos a menos de 3 anos	2.700	2.000	4.700
3 ou máis anos	7.100	8.800	15.900
Non sabe pero menos de 1 mes	400	900	1.300
Non sabe pero máis de 1 mes	38.000	37.900	75.900
Non sabe a duración	7.000	5.600	12.600
Total	107.500	115.900	223.300

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No segundo trimestre de 2017 había 223.300 persoas asalariadas cunha relación laboral temporal. Pero a desagregación dos datos da EPA, segundo a duración do contrato, só nos permite coñecer con exactitude a duración do contrato de 133.400 persoas. Daquela, un 40% de persoas asalariadas temporais descoñecen a duración do seu contrato (unhas contestan que non saben, pero menos dun mes; outras que non saben, pero máis dun mes e as outras que non saben a duración).

Coa limitación mencionada, no segundo trimestre 2017, o 26,2% das persoas que coñecían esta información tiñan un contrato temporal de tres meses ou menos. O groso das persoas que coñecen a súa duración traballarán un intervalo de catro a seis meses: 39.700 no segundo trimestre de 2017. Polo tanto, máis da metade das persoas asalariadas cun contrato de duración coñecida (o 56%), formalizárono por un tempo de seis meses ou menos.

No extremo oposto, no segundo trimestre de 2017 só o 33,1% formalizaron o seu contrato por un ano ou máis.

Polo tempo de permanencia na empresa actual

No que atangue á antigüidade laboral, no segundo trimestre de 2017, o 68,8% da poboación asalariada levaba tres ou máis anos traballando na súa empresa actual; cinco anos antes, esa porcentaxe era do 75,0%.

Pola contra, o peso relativo das persoas asalariadas que levaban na empresa menos dun ano sobe ata o 17,2% no segundo trimestre de 2017; son 4,4 puntos porcentuais máis ca no mesmo trimestre de 2012.

A poboación asalariada aumentou en todos os intervalos de tempo analizados (cadro 23), agás no que vai de tres anos a menos de seis anos, que baixa un 32,1 %. Os intervalos que presentan un maior incremento son os de menos antigüidade; destaca o de menos de 3 meses cun aumento do 53,8 %.

Cadro 23. POBOACIÓN ASALARIADA POLO TEMPO QUE LEVAN NA EMPRESA ACTUAL

TEMPO NA EMPRESA	II TRIMESTRE DE 2017	II TRIMESTRE DE 2012
Menos de 3 meses	48.900	31.800
De 3 a 5 meses	35.300	27.200
De 6 a 11 meses	56.700	43.900
De 1 ano a menos de 2 anos	73.100	57.900
De 2 anos a menos de 3 anos	42.400	41.200
De 3 anos a menos de 6 anos	87.300	128.500
6 ou máis anos	477.600	476.300
Total	821.300	806.800

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Pola realización de horas extraordinarias

No segundo trimestre de 2012, o 4,2% da poboación asalariada traballaba horas extraordinarias; cinco anos despois, facíao o 5,0%. Na serie analizada, a menor porcentaxe de poboación asalariada que realiza horas extraordinarias dáse no segundo trimestre de 2014 e desde entón aumentou un 21,7%.

Cadro 24. POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO REALIZA OU NON HORAS EXTRAORDINARIAS

II TRIMESTRE	POBOACIÓN ASALARIADA	NON REALIZA HORAS EXTRA	REALIZA HORAS EXTRA
2010	862.800	796.500	66.400
2011	859.000	808.900	50.200
2012	806.800	772.900	33.900
2013	768.400	733.100	35.300
2014	772.900	739.300	33.600
2015	793.200	755.100	38.000
2016	810.900	772.700	38.100
2017	821.300	780.500	40.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Durante os anos de destrución de emprego traballáronse menos horas extraordinarias. Non obstante, na serie analizada, conséntase que a maioría das horas extraordinarias seguen sendo non pagadas.

No segundo trimestre de 2012 traballáronse 314.000 horas extraordinarias na semana de referencia, e o 66% non se remuneraron. Cinco anos despois, foron 330.300 horas extraordinarias e as non pagadas supoñían o 55% do total.

As horas extraordinarias traballadas e non pagadas son explotación laboral, contribúen á desvalorización salarial e prexudican a conciliación da vida laboral coa persoal e familiar.

Cadro 25. HORAS EXTRAORDINARIAS Á SEMANA

II TRIMESTRE	HORAS EXTRAORDINARIAS	PAGADAS	NON PAGADAS
2010	535.700	248.700	287.000
2011	427.100	201.100	226.100
2012	313.900	108.300	205.700
2013	292.000	120.500	171.600
2014	305.100	117.300	187.700
2015	316.200	122.400	193.800
2016	319.500	136.000	183.500
2017	330.300	149.000	181.300

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Do total de horas extraordinarias traballadas no segundo trimestre de 2017, 223.500 fixéronas homes (o 68% do total) e 106.800, mulleres. A porcentaxe de horas extraordinarias non pagadas sobre o total das horas extraordinarias é máis alta nas mulleres ca nos homes: un 56 % e 54 %, respectivamente.

Cadro 26. HORAS EXTRAORDINARIAS POR RAMA DE ACTIVIDADE Á SEMANA

II TRIMESTRE DE 2017	TOTAL HORAS EXTRAORDINARIAS (B)	HORAS EXTRA. NON PAGADAS (A)	(A/B)*100
Agricultura e pesca	4.000	900	22,7 %
Industrias extractivas	8.200	0	0,0 %
Industria manufactureira	56.600	21.400	37,8 %
Energía, subministración de auga e xestión de residuos	6.100	3.600	59,4 %
Construción	34.400	20.600	59,8 %
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	36.600	23.700	64,9 %
Transporte e almacenamento	18.900	14.700	77,7 %
Hostalaría	36.400	10.300	28,3 %
Activ. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	50.300	37.800	75,2 %
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	29.700	22.300	75,1 %
Educación	23.500	20.500	87,1 %
Actividades sanitarias e de servizos sociais	22.900	2.800	12,1 %
Resto de servizos	2.600	2.600	100,0 %
Total	330.300	181.300	54,9 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. II trimestre de 2017

No segundo trimestre de 2017, as ramas de actividade que, nunha semana, acumularon máis horas extraordinarias non pagadas sobre total das realizadas son as seguintes: resto de servizos (100% das horas extraordinarias); educación (87,1%); transporte e almacenamento (77,7%); actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (75,2%); administración pública e

defensa; seguranza social obrigatoria (75,1 %); comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas (64,9%); construción (59,8%); e enerxía, subministración de auga e xestión de residuos (59,4 %).

EVOLUCIÓN DOS CONTRATOS

Os datos de contratación proporcionados polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) corroboran que o noso mercado laboral non se caracteriza precisamente por ser pouco flexible. Concértase un volume esaxerado de contratos e demasiados son temporais e de duración moi curta, o que afianza aínda máis a inestabilidade laboral.

Nos oito primeiros meses do ano 2017 rexistráronse un total de 678.167 contratos nas oficinas do SEPE, a cifra máis alta da serie analizada. Dese total, o 92,18% foron temporais.

Cadro 27. EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN POR TIPO DE CONTRATO

ACUMULADOS ATA AGOSTO	TOTAL CONTRATOS	INDEFINIDOS	TEMPORAIS	% TEMPORAIS SOBRE TOTAL
2008	543.235	61.644	481.591	88,65 %
2009	452.746	46.023	406.723	89,83 %
2010	451.759	40.426	411.333	91,05 %
2011	450.928	38.050	412.878	91,56 %
2012	435.394	33.193	402.201	92,38 %
2013	455.743	35.479	420.264	92,22 %
2014	511.237	39.732	471.505	92,23 %
2015	575.574	42.841	532.733	92,56 %
2016	616.463	46.443	570.020	92,47 %
2017	678.167	52.999	625.168	92,18 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

As reformas laborais dos anos 2010 e 2012 resultaron inútiles para fomentar a contratación indefinida: uns nove de cada dez contratos rexistrados seguen sendo temporais.

Nos oito primeiros meses de 2009 —antes de entraren en vigor as devanditas reformas— o 89,83% dos contratos rexistrados eran temporais. Oito anos despois, cando as reformas laborais xa teñen percorrido, esa porcentaxe está no citado 92,18%.

Ata aquí utilizamos a estatística de contratos rexistrados do SEPE; agora tomamos como referencia os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística sobre contratos iniciais segundo a duración, pero considerando a residencia do traballador/a, independentemente de que o contrato se rexistre dentro da nosa comunidade autónoma ou fóra dela.

O 35,7% dos contratos iniciais temporais rexistrados nos oito primeiros meses de 2017 tiñan unha duración inferior á semana (cadro 28): 229.545 dun total de 643.632 temporais; e a proporción daqueles sobre o total dos iniciais temporais de duración determinada sobe ata o 52,9%.

Cada vez concértanse máis contratos de duración moi curta; en comparación co mesmo período do ano 2012, os de duración inferior a unha semana aumentaron un 90,6%: rexistráronse 120.441 nos oito primeiros meses de 2012 (o 28,7% dos contratos iniciais temporais) e cinco anos despois alcanzaron os 229.545 contratos.

No extremo oposto, nos oito primeiros meses de 2017, só tiñan unha duración superior ao ano o 0,3% de todos os iniciais temporais.

Cadro 28. CONTRATOS INICIAIS TEMPORAIS POR DURACIÓN

ACUMULADOS ATA AGOSTO DE 2017	TEMPORAIS	% SOBRE O TOTAL DE TEMPORAIS
Menos de 1 semana	229.545	35,7%
De 1 semana a 1 mes	70.648	11,0%
De 1 a 6 meses	119.138	18,5%
De 6 meses a 1 ano	12.605	2,0%
Máis de 1 ano	2.187	0,3%
Indeterminado	209.509	32,6%
Total	643.632	100,0%

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Rotación laboral

A relación entre o número de contratos temporais rexistrados e a poboación asalariada con contrato temporal dá unha idea da elevada rotación no mercado laboral. No ano 2016 rexistráronse 872.891 contratos temporais en Galicia e, tendo en conta que había de media 214.400 persoas traballando por conta allea cun contrato temporal, pódese concluír que cada persoa asinou unha media de 4,1 contratos; catro anos antes, esa media era de 3,29 contratos.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN PARADA

No segundo trimestre de 2008 había 108.100 persoas desempregadas en Galicia e a taxa de paro era do 8,2%. Nove anos despois, a cifra de persoas no paro alcanza as 201.500, que representan o 16,1% da poboación activa. Daquela, en comparación co segundo trimestre de 2008 hai 93.400 persoas máis no paro (+86,4%) e a taxa de paro é case o dobre.

No período analizado, a poboación parada en Galicia foi subindo ata acadar o maior volume no segundo trimestre de 2013: 290.300 persoas desempregadas, o 22,4%

da poboación activa. De aí en diante comezou a diminuír decontino pero aínda segue habendo máis de 200.000 persoas no paro.

Cadro 29. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO

II TRIMESTRE	POBOACIÓN PARADA	TAXA DE PARO
2008	108.100	8,2%
2009	166.700	12,6%
2010	201.300	15,5%
2011	218.900	16,6%
2012	275.900	20,9%
2013	290.300	22,4%
2014	284.300	22,3%
2015	252.500	20,0%
2016	222.900	17,7%
2017	201.500	16,1%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por sexo e idade

Por sexo, a perda de emprego foi maior nos homes ca nas mulleres e iso, evidentemente, tamén se reflicte na evolución do desemprego. En relación co segundo trimestre de 2008, o paro sumou 53.300 homes (+115,1%) e 40.100 mulleres (+64,9%). No segundo trimestre de 2017, a taxa de paro nos homes é do 15,3%, o que supón 8,9 puntos máis ca no segundo trimestre de 2008; nas mulleres está no 17,0% e incrementase en 6,4 puntos no mesmo período.

Cadro 30. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO POR SEXOS

II TRIMESTRE	HOMES		MULLERES	
	PARADOS	TAXA DE PARO	PARADAS	TAXA DE PARO
2008	46.300	6,4%	61.800	10,6%
2009	85.500	12,0%	81.200	13,3%
2010	103.200	14,7%	98.000	16,4%
2011	112.000	15,9%	106.900	17,4%
2012	152.500	21,7%	123.400	20,1%
2013	153.600	22,4%	136.700	22,4%
2014	147.000	22,0%	137.400	22,6%
2015	128.800	19,5%	123.700	20,6%
2016	113.700	17,2%	109.300	18,3%
2017	99.600	15,3%	101.900	17,0%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A taxa de paro das mulleres superaba a dos homes en 4,2 puntos no segundo trimestre de 2008. Nove anos despois, esa brecha de xénero está en 1,7 puntos porcentuais.

Na desagregación por grupos de idade, o paro xuvenil supón un grave problema. No segundo trimestre de 2017, a taxa de paro en Galicia era do 16,1% (4,8 puntos porcentuais menos ca cinco anos antes) pero nas persoas menores de 30 anos subía ata o 26,3% (uns 10 puntos porcentuais menos ca hai cinco anos).

Cadro 31. TAXA DE PARO

II TRIMESTRE	TAXA DE PARO	TAXA PARO PERSOAS 16-29 ANOS
2012	20,9%	36,4%
2013	22,4%	37,4%
2014	22,3%	38,7%
2015	20,0%	34,3%
2016	17,7%	33,5%
2017	16,1%	26,3%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Polo tempo de busca de emprego

No segundo trimestre de 2017, o 57,9% das persoas desempregadas levaban máis dun ano buscando emprego. Por sexos, esa porcentaxe é máis alta nos homes ca nas mulleres: 58,3% nos homes; 57,5% nas mulleres.

Das 116.700 persoas paradas que levaban buscando emprego un ano ou máis, o 73,4% procurábano desde había dous ou máis anos. Neste caso, esa porcentaxe case se iguala en ambos os sexos: 73,3% homes e 73,4% mulleres.

Cadro 32. PERSOAS PARADAS POR TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO

II TRIMESTRE DE 2017	HOMES	MULLERES	TOTAL
Menos de 1 mes	4.100	4.200	8.300
De 1 a menos de 3 meses	9.300	9.900	19.200
De 3 a menos de 6 meses	7.600	10.700	18.300
De 6 meses a menos de 1 ano	12.700	11.000	23.700
De 1 ano a menos de 1 ano e medio	7.600	8.900	16.500
De 1 ano e medio a menos de 2 anos	7.900	6.700	14.600
Dous ou máis anos	42.600	43.000	85.600
Xa atopou traballo	7.600	7.500	15.200
Total	99.600	101.900	201.500

FONTE: elaboración propia sobre datos do EPA

O desmesurado paro de longa duración é unha agravante máis na problemática do desemprego porque este colectivo topa con moitas dificultades para volver a empregarse e, probablemente, a maioría xa esgotou as prestacións por desemprego. No segundo trimestre de 2012 estaban encadradas no paro de longa duración o 43,0% das persoas paradas; cinco anos despois son o 51,2%.

Por grupos de idade (cadro 33), o 23,0% de persoas paradas de longa duración tiñan menos de 35 anos no segundo trimestre de 2017 (35,5% no segundo trimestre de 2012). Nos restantes tramos de idade aumenta o seu peso, sobre todo, no de 55 ou máis anos: no grupo de 35 a 44 anos encadrábanse o 29,2% das persoas paradas de longa duración no segundo trimestre de 2017 (26,6% no 2012); no de 45 a 54 anos, o 26,9% (24,3% no 2012); e no de 55 ou máis anos, o 20,9% (13,7% no 2012).

Expresado en cifras absolutas, e en comparación co segundo trimestre de 2012, o paro de longa duración subiu entre as persoas de 55 ou máis anos: 5.400 máis (+33,3%), mentres que nos restantes tramos analizados diminuíu.

Cadro 33. PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN POR GRUPOS DE IDADE

	II TRIMESTRE DE 2017	II TRIMESTRE DE 2012
De 16 a 24 anos	6.000	11.500
De 25 a 34 anos	17.700	30.600
De 35 a 44 anos	30.100	31.500
De 45 a 54 anos	27.800	28.800
De 55 ou máis anos	21.600	16.200
Total	103.200	118.500

FONTE: elaboración propia sobre datos do EPA

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA

A incesante caída da poboación activa tradúcese en incesante caída de capital humano. Este feito non conseguiu frealo a incipiente creación do emprego.

Nos primeiros anos da crise non se resentiu a poboación activa (as persoas en idade legal para traballar que teñen emprego ou o buscan de forma activa), fundamentalmente porque as mulleres seguían incorporándose de xeito significativo ao mercado laboral. Porén, no 2013 cambiou a tendencia e a poboación activa xa leva cinco anos minguando e con moita forza na xente nova.

No segundo trimestre de 2012 había 1.317.900 persoas activas, pero desde aquela hai 67.600 menos. Nese período, caeu máis a poboación activa (-5,1%) ca a poboación de 16 ou máis anos (-2,2%).

A taxa de actividade (porcentaxe do total de persoas activas sobre a poboación de 16 ou máis anos) é baixa de seu en Galicia e seguimos afastándonos da media estatal. Hai cinco anos participaban activamente no mercado laboral galego o 55,0% das persoas de 16 ou máis anos (na media estatal, facían o 60,5%); no segundo trimestre de 2017 representan o 53,3% (58,8% na media estatal).

Por sexo e idade

A perda de poboación activa foi maior nos homes ca nas mulleres. Das 67.600 persoas activas menos que hai desde o segundo trimestre de 2012, 53.600 son homes (-7,6%).

Cadro 34. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXOS

II TRIMESTRE	HOMES	MULLERES	TOTAL
2008	725.200	585.000	1.310.200
2009	711.100	608.400	1.319.600
2010	702.900	596.700	1.299.600
2011	703.500	613.000	1.316.400
2012	703.200	614.700	1.317.900
2013	686.200	609.600	1.295.700
2014	666.900	608.900	1.275.800
2015	662.300	600.100	1.262.400
2016	659.600	597.400	1.256.900
2017	649.600	600.800	1.250.300

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por grupos de idade (cadro 35), a caída da poboación concéntrase en menores de 40 anos: 126.000 persoas activas menos ca hai cinco anos (-20,5%) fronte a 58.600 máis de 40 ou máis anos (+8,3%).

Cadro 35. POBOACIÓN ACTIVA POR GRUPOS DE IDADE

GRUPOS DE IDADE	II TRIMESTRE DE 2017	II TRIMESTRE DE 2012
De 16 a 19 anos	6.500	13.100
De 20 a 24 anos	54.300	69.100
De 25 a 29 anos	105.700	138.000
De 30 a 34 anos	137.200	192.400
De 35 a 39 anos	184.400	201.500
De 40 a 44 anos	199.300	185.900
De 45 a 49 anos	182.100	170.900
De 50 a 54 anos	160.800	149.800
De 55 a 59 anos	130.100	116.500
De 60 a 64 anos	76.400	67.900
De 65 e máis anos	13.600	12.700
Total	1.250.300	1.317.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS POR TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADE

No segundo trimestre de 2017 había 744.800 fogares en Galicia con, polo menos, un membro activo (en case un de cada catro deses fogares está presente o paro):

en 105.700 había ocupados e parados (o 14% do total de fogares con, polo menos, un activo) e en 68.500 só parados (o 9%).

Cadro 36. VIVENDAS POR TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADE

II TRIMESTRE	FOGARES CON OCUPADOS E PARADOS	TODOS OS ACTIVOS PARADOS	TODOS OS ACTIVOS OCUPADOS
2010	113.600	61.200	565.600
2011	125.000	62.900	563.500
2012	143.400	86.000	526.900
2013	146.600	94.700	511.100
2014	140.200	93.700	512.200
2015	125.500	86.600	533.500
2016	109.400	75.700	556.600
2017	105.700	68.500	570.700

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Desde o segundo trimestre de 2012, os fogares con todos os activos parados baixaron un 20,3% (17.500 menos) e os que teñen ocupados e parados, un 26,3% (37.700 menos).

O 31,7% das vivendas familiares de Galicia non contaban con ningún membro activo no segundo trimestre de 2017; esa porcentaxe estaba no 28,7% cinco anos antes.

EVOLUCIÓN DAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

As prestacións por desemprego cada vez chegan a menos xente. Segundo se deduce dos datos do SEPE, a taxa de cobertura (cociente entre o número de persoas beneficiarias de prestacións por desemprego e o número de persoas paradas rexistradas con experiencia laboral nas oficinas do SEPE) no mes de xullo de 2017 era do 52,3% (en xullo de 2012, era do 65,2%). Dito doutro xeito, en xullo de 2017, o 47,7% das persoas paradas con experiencia laboral rexistradas nas oficinas de emprego (unhas 79.000 persoas) non son beneficiarias de prestacións, ben porque as esgotaron, ben porque non xeraron o dereito a percibilas.

A caída da taxa de cobertura foi incesante no período analizado, e entre os motivos están que moita xente esgotou as prestacións por desemprego, os recortes no sistema de protección do ano 2012 e o aumento da precariedade (demasiados postos de traballo temporais, xornadas parciais, contratos de curta duración, etc.) que dificulta a entrada no sistema de protección polo custo que supón reunir o período de cotización esixido.

Polo tipo de prestación

En comparación co mes de xullo de 2012 baixou máis o número de persoas beneficiarias de prestacións por desemprego (-43,3 %) que o de persoas paradas con experiencia laboral (-29,4 %). Como consecuencia, a taxa de cobertura reduciuse en case 13 puntos porcentuais.

Cadro 37. TAXA DE COBERTURA

XULLO	PARO REXISTRADO CON EXPERIENCIA LABORAL	PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO	TAXA DE COBERTURA
2012	234.336	152.727	65,2%
2013	238.178	149.524	62,8%
2014	219.379	126.690	57,7%
2015	197.593	108.239	54,8%
2016	178.563	94.372	52,9%
2017	165.555	86.644	52,3%

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

Canto ás prestacións, destaca a perda de calidade porque se produciu un transvasamento das contributivas aos subsidios. No mes de xullo de 2012, o 52,6% das prestacións por desemprego eran contributivas e o 39,4%, subsidios; cinco anos despois, a porcentaxe das primeiras baixa ata o 42,9% e a dos segundos sobe ata o 43,9%.

Tomando como referencia o mes de xullo do período 2012-2017 (cadro 38), vese que ata o ano 2014 tiñan máis peso as prestacións contributivas ca os subsidios por desemprego. Porén, a partir de aí xa é ao revés.

Cadro 38. PESO DA PRESTACIÓN SOBRE O TOTAL DAS PRESTACIÓNS

XULLO	PRESTACIÓN CONTRIBUTIVA	SUBSIDIO DE DESEMPREGO
2012	52,6 %	39,4 %
2013	50,9 %	41,2 %
2014	45,6 %	44,4 %
2015	40,7 %	45,6 %
2016	41,4 %	45,9 %
2017	42,9 %	43,9 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do SEPE

No mes de xullo de 2017, cobraban unha prestación por desemprego 86.644 persoas. A repartición por modalidades é a seguinte: 38.019 percibían un subsidio por desemprego (o 43,9% do total de prestacións), 37.134 contributivas (o 42,9%), 10.145 a renda activa de inserción (o 11,7%) e 1.346 correspondían ao programa de activación de emprego (o 1,6%).

En comparación co mes de xullo do ano 2012, as prestacións que máis se reduciron foron as contributivas: un 53,8%. Os subsidios por desemprego diminuíron un 36,8% e a renda activa de inserción (RAI), un 17,0%.

Cadro 39. DISTRIBUCIÓN DAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

XULLO	CONTRIBUTIVAS	SUBSIDIO	RENDA ACTIVA INSERCIÓN	PROGR. ACTIVACIÓN EMPREGO
2012	80.389	60.122	12.216	—
2013	76.076	61.577	11.871	—
2014	57.829	56.232	12.629	—
2015	44.047	49.330	12.483	2.379
2016	39.097	43.292	11.067	916
2017	37.134	38.019	10.145	1.346

FONT: elaboración propia sobre datos do SEPE

A contía dos subsidios por desemprego, da RAI e do Programa de activación para o emprego é duns 430 euros mensuais. O 57% de persoas beneficiarias de prestacións por desemprego no mes de xullo de 2017 recibían algunha destas tres.

Polo tanto, as prestacións contributivas só chegan ao 43% das persoas protexidas polo sistema. A contía desta prestación será en función da base reguladora do traballador/a (os 180 primeiros días de prestación cóbrase o 70% da base reguladora e a partir do 181, o 50%). No ano 2012, o Goberno recortou considerablemente a cantidade desta prestación a partir do día 181, xa que antes da reforma percibíase o 60% da base reguladora.

Pola contía da prestación contributiva

En comparación co mes de xullo de 2012, a contía media mensual da prestación contributiva na nosa comunidade reduciuse en 50,1 euros (-6,2%), co que se sitúa en 760,12 euros no mes de xullo de 2017; é 16,4 euros inferior á da media estatal (en xullo de 2012, esa diferenza era de 32,7 euros).

Cadro 40. CONTÍA MEDIA PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS POR DESEMPREGO

XULLO	GALICIA	ESPAÑA
2012	810,2	842,9
2013	786,2	821,0
2014	761,1	788,3
2015	758,7	779,2
2016	762,8	774,3
2017	760,1	776,5

FONT: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos expresados en euros/mes

Polo gasto en prestacións

O gasto en prestacións por desemprego diminuíu moito a partir do ano 2012. En xullo dese ano achegouse unha dotación económica de 139.667.000 euros para esta finalidade e, cinco anos máis tarde, baixaba ata os 68.747.000 euros. Nese intervalo, redúcese máis o gasto destinado á protección por desemprego (-50,8%) que o número de persoas paradas con experiencia laboral (-29,4%).

Cadro 41. PARO E GASTO EN PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

XULLO	PARO REXISTRADO CON EXPERIENCIA LABORAL	GASTO PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO (EN €)
2012	234.336	139.667.000
2013	238.178	130.211.000
2014	219.379	103.437.000
2015	197.593	84.644.000
2016	178.563	74.876.000
2017	165.555	68.747.000

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

Canto ao tipo de prestacións, as contributivas experimentaron a maior redución do gasto, un 56,8%. O gasto en subsidios por desemprego baixou un 39,0% desde xullo de 2012 e o da renda activa de inserción, un 17,5%.

Cadro 42. GASTO EN PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO (EN €)

XULLO	CONTRIBUTIVAS	SUBSIDIO	RENDA ACTIVA INSERCIÓN	PROGRAMA ACTIVACIÓN EMPREGO
2012	101.938.000	32.447.000	5.281.000	—
2013	94.270.000	30.846.000	5.095.000	—
2014	70.219.000	27.868.000	5.349.000	—
2015	53.639.000	24.695.000	5.307.000	1.003.000
2016	47.622.000	22.055.000	4.798.000	401.000
2017	44.056.000	19.796.000	4.358.000	538.000

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos expresados en euros

Entre as causas que se agachan detrás da baixada do gasto en prestacións por desemprego están o transvasamento das prestacións contributivas ás asistencias, o esgotamento da súa percepción en moitos casos e os recortes aplicados no sistema de protección por desemprego.

EVOLUCIÓN DOS FOGARES POR NÚMERO DE PERCEPTORES DE INGRESOS

A gran cantidade de fogares que non perciben ningún ingreso económico dá unha idea da angustia que se está a vivir en moitos deles. No segundo trimestre de 2017 contabilizáronse 35.800 fogares en que ningún membro percibía ingresos económicos (6.900 máis ca cinco anos antes, +23,9%); deses, no 40% vivía máis

dunha persoa. As vivendas familiares en que non ninguén percibe ingresos supoñen o 3,28% sobre o total de vivendas familiares (cinco anos antes, a porcentaxe era do 2,73%).

CADRO 43. VIVENDAS FAMILIARES QUE NON PERCIBEN INGRESOS E Nº DE PERSOAS NA VIVENDA

II TRIM.	1 PERSOA	2 PERSOAS	3 PERSOAS	4 PERSOAS	5 E MÁIS PERSOAS	TOTAL
2012	16.300	6.600	3.000	2.100	900	28.900
2013	21.100	6.600	2.800	2.100	600	33.200
2014	17.100	9.100	4.400	1.000	700	32.300
2015	20.200	7.300	3.600	1.300	1.000	33.500
2016	23.000	7.500	3.700	2.300	1.300	37.700
2017	21.400	7.700	3.700	2.600	400	35.800

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

As vivendas familiares onde só un membro percibía algún ingreso económico (salario, pensión ou prestación por desemprego) eran 463.900 no segundo trimestre de 2017 (41.800 máis ca cinco anos antes) e representaban o 43% sobre o total dos fogares galegos.

Polo tanto, o número de vivendas familiares onde non entran ingresos e o das que só teñen un membro que percibe algún tipo de ingreso económico sumaban 499.700 no segundo trimestre de 2017 e representaban o 46% do total de fogares en Galicia. No extremo oposto, había 36.700 vivendas familiares (16.200 menos ca no segundo trimestre de 2012) con catro ou máis persoas percibindo ingresos económicos e supoñían o 3,4% sobre o total de fogares fronte ao 5,0% cinco anos antes.

Cadro 44. VIVENDAS FAMILIARES POR NÚMERO DE PERCEPTORES DE INGRESOS

II TRIM.	0 PERSOAS	1 PERSOA	2 PERSOAS	3 PERSOAS	4 E MÁIS PERSOAS	TOTAL
2012	28.900	422.100	439.800	116.400	52.900	1.060.100
2013	33.200	442.100	436.000	111.500	46.600	1.069.400
2014	32.300	456.400	439.000	110.000	40.200	1.077.900
2015	33.500	462.500	438.800	110.800	35.900	1.081.400
2016	37.700	466.700	436.100	107.000	38.600	1.086.200
2017	35.800	463.900	448.600	105.200	36.700	1.090.200

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Desde o segundo trimestre de 2012 contabilízanse 30.100 vivendas familiares máis en Galicia, pero o incremento concéntrase só entre as que teñen ningunha, unha ou dúas persoas percibindo ingresos; dentro destes, o maior aumento é de fogares sen ningún tipo de ingreso económico (en cinco anos, un 23,9%). Pola contra, os fogares con tres persoas ou máis percibindo ingresos reducíronse nese período.

Tras cinco anos de aplicación, quedou demostrado que a reforma laboral do PP resulta inútil para paliar as debilidades do noso mercado laboral e que reforza as precarias condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

O emprego leva dez trimestres consecutivos aumentando (atendendo ás taxas de variación anual) ata alcanzar 1.048.900 persoas ocupadas no segundo trimestre de 2017. Hai máis xente traballando en Galicia que hai cinco anos, pero o emprego que se crea é máis precario.

A poboación ocupada a tempo parcial aumentou con respecto a hai cinco anos, en detrimento da de xornada completa (10.000 persoas máis ocupadas a tempo parcial fronte a 3.200 menos a xornada completa). No segundo trimestre de 2017, o 13,9% das persoas ocupadas tiñan un emprego a tempo parcial (fronte ao 13,0 % cinco anos antes), coa agravante de que o 61,8 % das persoas se acolleron a este tipo de xornada porque non atoparon un traballo de xornada completa (60,4 % no 2012).

Aumentou a taxa de temporalidade e persiste a alta rotación. Substituíuse emprego indefinido por temporal (30.200 persoas indefinidas menos ca no segundo trimestre de 2012 fronte a 44.600 temporais máis) e taxa de temporalidade subiu do 22,1 % no segundo trimestre de 2012 ao 27,2 % cinco anos despois.

Os datos do SEPE confirman a alta temporalidade na contratación: o 92,18% dos contratos rexistrados nos oito primeiros meses de 2017 foron temporais.

A elevada rotación laboral das persoas con contrato temporal é outra manifestación da precariedade. No 2016, de media, cada persoa asinou 4,1 contratos temporais ao ano.

A maioría das horas extraordinarias que se traballan non se pagan: no segundo trimestre de 2017, o 55% non se remuneraron. As horas extraordinarias traballadas e non pagadas son explotación laboral, contribúen á desvalorización salarial e prexudican a conciliación da vida laboral coa persoal e familiar. Pero, amais, pérdese de crear emprego e de ingresar nas arcas do sistema.

A recuperación do emprego está deixando de lado a xuventude (traballan 17.300 menores de 30 anos menos que hai cinco anos), co que aínda se afonda no envellecemento da poboación ocupada. A mocidade tamén é o colectivo con máis papeletas para ocupar un posto de traballo precario.

Malia o descenso do desemprego, mantense a barreira das 200.000 persoas sen traballo e unha taxa de paro do 16,1%. O paro de longa duración representaba o 51,2% do paro total no segundo trimestre de 2017.

O descenso do desemprego está condicionado pola caída da poboación activa. Así, desde o segundo trimestre de 2012 contabilízanse 67.600 persoas activas menos e o descenso concéntrase nas menores de 40 anos.

Atendendo á tipoloxía dos fogares, no 31,7% non había ningún membro activo no segundo trimestre de 2017. Dos 744.800 fogares con, polo menos, un membro activo, 105.700 teñen ocupados e parados e 68.500, só parados.

A actividade económica medra, créase emprego, aínda que sexa precario, e o paro baixa. Non obstante, as prestacións por desemprego cobren cada vez menos persoas.

Segundo se deduce dos datos do SEPE, a taxa de cobertura do sistema de protección por desemprego en xullo de 2017 era do 52,3% (o 65,2% no mes de xullo de 2012). Canto á distribución das prestacións, destaca a perda de calidade porque se produciu un transvasamento das contributivas aos subsidios.

O gasto en prestacións por desemprego reduciuse drasticamente a partir de 2012. En xullo dese ano achegouse unha dotación económica de 139,7 millóns de euros para esta finalidade e, cinco anos máis tarde, baixaba ata os 68,7 millóns de euros. Nese intervalo, diminuíron un 50,8% os recursos para pagar prestacións por desemprego, malia que o colectivo de persoas paradas con experiencia laboral só baixou no 29,4%.

O aumento dos fogares que non perciben ningún ingreso económico dá unha idea da situación extrema que se está a vivir en moitos deles: no segundo trimestre de 2017 estaban nesa situación 35.800 fogares en Galicia, que representaban o 3% do total dos fogares galegos.

Precariedade e desemprego; é dicir, pobreza e desigualdade, son as eivas do mercado laboral galego. Afectan ao conxunto dos traballadores e traballadoras pero teñen, sobre todo, rostro novo e de muller.

10 PROPOSTAS PARA REDUCIR A PRECARIIDADE E MELLORAR A CALIDADE DO EMPREGO

Os anos de aplicación de políticas de austeridade e reformas estruturais axudaron a tornar crónica a precariedade do emprego no noso mercado laboral.


Daquela, as causas desa precariedade non se atopan no lado da oferta de forza de traballo, senón no da demanda, en concreto na combinación de diversos factores: os desequilibrios estruturais do modelo produtivo; as reformas xurídicas orientadas á progresiva flexibilización das institucións laborais; a xestión empresarial baseada mormente na competencia mediante a redución de custos e

prezos. Estes factores complementáanse e refórzanse co uso fraudulento das posibilidades legais de contratación temporal e da flexibilidade interna.

Reducir a precariedade laboral e mellorar a calidade do emprego son obxectivos prioritarios para CCOO, e a súa consecución dependerá das seguintes actuacións:

1. Regular a contratación laboral segundo o principio de causalidade: garantir a estabilidade laboral e exceptuar a causalidade da contratación temporal.
2. Reordenar o réxime xurídico do despedimento e recuperar a normativa previa á reforma laboral.
3. Reverter o actual sistema de flexibilidade interna negociada que amplía as facultades unilaterais da empresa sobre aspectos básicos das condicións de traballo.
4. Substituír o actual sistema de bonificacións/subvencións á contratación por outro no que se lle dea prioridade á contratación das persoas con maiores dificultades para a súa inserción.
5. Modificar o contrato a tempo parcial para asegurarlles unha retribución suficiente e unha seguridade na organización do tempo de traballo ás persoas empregadas.
6. Revisar a regulación dos contratos formativos co fin de garantir o propósito do contrato para a formación e a aprendizaxe, que non é outro que a adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos necesarios para desempeñar unha determinada profesión. Revisar e refacer o Programa de Garantía Xuvenil para convertelo nun instrumento útil como porta de entrada ao mercado laboral con garantías de calidade.
7. Garantir o carácter e a xestión pública do Fogasa, así como o cobramento das prestacións nun período máximo de 90 días e o aumento do seu importe.
8. Incrementar o investimento público nos SEPE, para dotar estas oficinas dos recursos necesarios tanto de persoal como de ferramentas adecuadas que faciliten e garantan a eficacia dos servizos que prestan.
9. Introducir medidas nos convenios para reducir a temporalidade: fixar taxas máximas admisibles, enumerar as tarefas susceptibles de ser desempeñadas con contratos temporais e limitar a duración destes, establecer o número máximo de contratos temporais e a súa duración máxima.
10. Establecer na Xunta e nas Administracións locais un acordo de limitación da temporalidade (ata un máximo do 8% do total dos cadros de persoal de cada Administración) así como os procedementos para que prevalezan as empresas

con taxas de temporalidade baixas nos concursos de contratación administrativa das diferentes Administracións públicas.



comisiones obreiras